

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Resolución da alcaldía núm.: 492/2023

De acordo co Prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexerá a adxudicación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato de servizos de conservación, reparación e mantemento da rede de iluminación pública do Concello de Meira, e rematado o prazo de presentación de proposicións.

De acordo co artigo 15. Apertura de proposicións e proposta de adxudicación, dentro do prazo máximo de vinte (20) días hábiles seguintes ao remate do prazo de presentación das proposicións a mesa de contratación cualificará os documentos presentados en tempo e forma.

Consonte a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999 de 21 de abril; polo presente,

RESOLVO:

Primeiro: nomear como persoal integrante da mesa de contratación de acordo co disposto no punto 13 de dito prego o seguinte:

-Presidente/a: Agustín Méndez Moiron (concelleiro e primeiro tenente de alcalde deste concello)

-Vogais:

- Pilar Rozas Alonso (secretaria-interventora accidental do Concello de Meira)

-Manuel Carramal Silva, técnico de administración local.

- Jesús Bouza Fernández (Arquitecto municipal)

-Secretario: Mercedes Fernández Moirón (funcionaria do Concello de Meira).

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal actuará con suxeción aos pregos, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Segundo: publicar a composición da mesa de contratación no taboleiro de anuncios do concello, páxina web e no perfil do contratante.

Terceiro: a mesa de contratación, de acordo co disposto no punto 14) do Prego de cláusulas administrativas, reunirse no Concello de Meira o **día 7 de setembro de 2023, ás 13:00 h**, para proceder á apertura e cualificación da documentación do sobre "1" en sesión non pública.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

No caso de que a documentación presentada no sobre número “1,” estivese correcta, no contivese defectos substanciais ou deficiencias subsanables, ou se lles solicitaran aclaracións, procederase a continuación á apertura do sobre número ”2” , relativo á proposta técnica onde se valoran os criterios sometidos a un xuízo de valor, sobre o servizo ofertado e sinalados nos artigos 11.2.1) e 11.2.2) dos pregos que rexen a presente licitación, que poderán ser remitidas ao técnico municipal para a súa valoración.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ante min a secretaria, que da fe do acto.

Meira, 4 de setembro de 2023

O secretaria accidental

Pilar Rozas Alonso

O alcalde

Antonio de Dios Alvarez

Documento asinado electronicamente

